



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 31 de marzo de 2026, ditou a **Resolución 397/2026**, corrixida por Resolución 498/2026 de data 24 de abril de 2026, que se transcribe a continuación:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos e envases lixeiros e papel cartón dun só uso (2026/G003/000434)

EXPEDIENTE: 2025/A006/000013

Visto o Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos e envases lixeiros e papel cartón dun só uso, asinado en data 29 de xaneiro de 2026, e que establece os compromisos necesarios para garantir a xestión dos residuos de envases domésticos de envases lixeiros e de papel-cartón dun só uso, de modo que poidan alcanzarse os obxectivos de reciclaxe e recollida establecidos na Lei 7/2022, de 8 de abril e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que, segundo a cláusula terceira do Convenio, as Entidades Locais poderán adherirse a este convenio, logo dos trámites pertinentes, dentro do prazo máximo de tres meses dende a súa entrada en vigor, sendo esta a data da súa sinatura.

Visto que, tal como se establece na dita cláusula terceira, de non formalizar e comunicar a adhesión no prazo citado a Entidade Local deixará de participar, se é o caso, nos mecanismos para a xestión de residuos de envases previstos no convenio, ou no seu



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

financiamento, quedando excluída da aplicación do convenio ata que se leve a cabo a formalización e comunicación da adhesión.

Vista a Resolución de alcaldía de data 6 de marzo de 2026 (Res. 273/2026) pola que se adxudica o servizo de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e xestión do punto limpo municipal no Concello de Teo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos e envases lixeiros e papel cartón dun só uso, asinado en data 29 de xaneiro de 2026.

Segundo.- Asumir as responsabilidades inherentes á modalidade de xestión seleccionada, conforme as modalidades ofrecidas por cada SRAP para o cumprimento das súas obrigas, sendo a modalidade elixida a C (SRAP financia).

Segundo.- Remitir a solicitude de adhesión á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, xunto coa documentación correspondente, para continuar co procedemento.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral
Virginia Fraga Díaz

Visto e praxe
A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz